

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	ARZÚA
Edificio	Igrexa de San Cristovo de Dombodán
Dirección	Lugar de Dombodán, s/n. 15819
	42.86324780373176 -8.201683329881948
Protección	
Descrición	Igrexa construída no século XVIII, dunha soa nave de planta rectangular máis estreita na zona onde vai o altar e a sancristía. Tellado a dúas augas e con caída na zona da cabeceira cunha auga máis. A cuberta é de tella do país. Os muros están feitos de cachotería e perpiaño de granito. A fachada é de estilo barroco compostelán, con porta alintelada de xambas resaltadas en relevo a modo de marco e con orelleiras nas esquinas superiores. Sobre esta, unha cornixa da que se eleva un frontón curvo, e partido na parte central para aloxar unha fornela con cúpula imitando á forma de cuncha de vieira, onde vai a imaxe do patrón da parroquia, San Cristovo. A ambos lados, dúas fornelas máis pequenas na que se poden ver outras dúas figuras. Un santo con hábito á dereita, posiblemente San Pedro, e unha santa con manto e coroa á esquerda. No medio da fachada un van, con marco resaltado en curva, dá luz ao interior do templo, e enriba del, unha base rectangular no centro do hastial dá paso a unha espadana de dous ocos con arcos de medio punto entre tres columnas caixeadas. Adórnase con cornixas moi resaltadas e na cima cun gablete que se coroa con pináculo de copa cun cruz de forxa no bico, e aos lados dous pináculos de bóla.
Campás	2 campás.
Fotos	3
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	BARBEITO, José / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTALES DE GALICIA
Data	05-10-2020

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	Menor.	BLANCO RUCABADO, FRANCISCO ANTONIO	1801	55	96
Espadana	Maior.	PALACIO, DÁMASO	1844	70	199

Información completa: [Igrexa de San Cristovo de Dombodán - ARZÚA \(GALICIA\)](#)

PDF (20-05-2026)